

VISITAS DIDÁCTICAS AO CASTRO DE CASTROLANDÍN

GUÍA DO PROFESORADO EDUCACIÓN SECUNDARIA

1. O CASTRO DE CASTROLANDÍN

O castro de Castrolandín é un pequeno poboado fortificado que estivo habitado entre o século IV a. C. e o I d. C., aproximadamente. O castro, situado nun outeiro no val do río Gallo, amósanos a estreita relación que a súa poboación mantiña co territorio, dedicándose principalmente á agricultura e á gandería.

Tempo despois da construción do castro fundouse moi preto a vila romana de Cuntis (*Aqua Calidae*). Por este motivo, a romanización ten un papel importante na historia de Castrolandín.

Castrolandín é unha potente ferramenta didáctica por varios motivos:

- o bo estado de conservación
- a representatividade das súas estruturas arquitectónicas
- a recente intervención arqueolóxica
- a información exposta nos paneis
- o funcionamento dun obradoiro de cerámica castrexa
- as reproducións de materiais da vida cotiá (muíños de man, cerámica, moldes de pedra, fusos...)
- a proximidade espacial a un contexto histórico tan afastado no tempo

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ofrecer unha actividade didáctica complementaria e de calidade fóra da aula.
- Coñecer e afondar na historia e na cultura castrexa de Galicia, e de Castrolandín en particular.

- Analizar qué supuxo a sedentarización para os grupos, a organización do territorio e a sociedade.
- Analizar o legado da época: cultura material e patrimonio inmaterial.
- Coñecer os traballos arqueolóxicos no propio xacemento, método arqueolóxico, arqueoloxía da paisaxe e arqueoloxía experimental.
- Coñecer novos espazos da xeografía galega.
- Coñecer e apreciar o patrimonio cultural e natural.

3. CONTIDOS

3.1. Conceptos

- Localización xeográfica do xacemento e da área da cultura castrexa.
- Contextualización histórica: a Idade de Ferro e a romanización.
- As fontes históricas na investigación do pasado.
- Urbanismo: tipoloxía de construcións (habitacionais, defensivas), métodos construtivos, estrutura interna do poboado...
- A estrutura da sociedade castrexa: a familia, o poboado, o territorio.
- A vida cotiá no castro: alimentación, vestiario, tarefas, crenzas...
- O espazo doméstico: a vivenda e o lugar de traballo e almacenamento de bens.
- A organización e xestión do territorio: o aproveitamento dos recursos (zonas de cultivo, gandaría, cursos fluviais), convivencia con outros poboados...
- A evolución dos castros e da cultura castrexa ao longo dos séculos.
- A romanización en Castrolandín e en Galicia.

- A arqueoloxía: función e metodoloxías de traballo.
- Cultura popular: lendas e tradicións de Castrolandín.

3.2. Procedementos

- A observación e a interpretación do patrimonio.
- A análise histórica, artística e social.
- A localización no territorio e en mapas.
- A manipulación de reproducións e outros materiais.
- A formulación de preguntas e hipóteses.
- A lectura, a comprensión e a interpretación de textos da literatura popular e científica sobre Castrolandín.
- A elaboración dun traballo de campo a través do caderno didáctico.

3.3. Actitudes

- Valoración e respecto polo patrimonio natural e cultural.
- Interese polo traballo de investigación.
- Respetto polos/polas compañeiros/as e o/a guía.
- Responsabilidade no uso do material e do contorno.
- Respetto polas normas de comportamento e o traballo en equipo.
- Valoración da capacidade crítica.

4. METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada seguirá os pasos do **método de investigación do medio**. Mediante a **metodoloxía activa** preténdese que o alumnado sexa o verdadeiro protagonista da experiencia. Trátase de mantelo activo participando en actividades diversas (busca de información, manipulación de materiais...).

5. ACTIVIDADES

- **Recepción** do grupo e presentación da actividade.
- **Visita guiada** polo castro acompañada de material didáctico (imaxes e reproducións de obxectos da vida cotiá) co obxectivo de facer a visita motivadora e participativa.
- Elaboración do **caderno didáctico**. Traballo de investigación en pequenos grupos. Os/as alumnos/as afondarán en aspectos da cultura castrexa centrándose en Castrolandín.
- **Visita ao local da fundación**. Demostración das técnicas e tipoloxías de cerámica castrexa.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Nivel de participación e aproveitamento do traballo individual e en grupo.
- Grao de interiorización dos contidos.
- Grao de consecución dos obxectivos.
- Valoración da actitude dos/das alumnos/as.

7. PROPOSTAS PARA O TRABALLO PREVIO NA AULA

O obxectivo principal das seguintes actividades é despertar a curiosidade e crear expectativas entre os/as alumnos/as. Ademais, servirá para avaliar os coñecementos que teñen sobre os castros e para que coñezan onde se vai realizar a saída.

7.1. Investiguemos a cultura castrexa

O/a docente pode realizar unha serie de preguntas ao grupo referentes á cultura castrexa e á Idade de Ferro, establecendo un debate que servirá para saber cales son os coñecementos que teñen sobre o tema.

Despois, os/as alumnos/as poden realizar unha busca de información sobre a cultura castrexa empregando diferentes fontes (internet, libros de texto, biblioteca...). Seguidamente, cabe a posibilidade de realizar unha posta en común da información recollida.

7.2. Pór en situación: o castro de Castrolandín

Trátase de buscar Castrolandín e Cuntis nun mapa de Galicia e comprobar a distancia que hai entre estes e a propia poboación. Tamén se poden buscar imaxes aéreas do castro dende o programa SIXPAC.

A mesma páxina web da Fundación Terra Termarum Castrolandín pode servir para realizar unha primeira aproximación ao castro. A través da observación das imaxes e da lectura de contidos pódese falar dalgúns aspectos do castro: a súa estrutura, os tipos de construcións, as ferramentas e obxectos que utilizaban...

8. INFORMACIÓN ADICIONAL PARA DOCENTES

Para afondar na cultura castrexa e galaico-romana e no patrimonio arqueolóxico do concello de Cuntis recomendamos consultar:

- CARBALLO ARCEA, X.: *Os castros galegos*. Ed. A Nosa Terra, 2000.
- GONZÁLEZ GARCÍA, F. J. (coord.): *Los pueblos de la Galicia céltica*. Ediciones Akal, 2007.
- AYÁN VILA, X. M. (coord.): *Pasado e futuro de Castrolandín (Cuntis, Pontevedra). Unha proposta de recuperación e revalorización*, TAPA (Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe), 29. Santiago de Compostela: IEGPS (CSIC-XuGa), 2000 (en www.lppp.usc.es).
- www.castrolandin.es